



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE RECOÑECEN AS ACTIVIDADES FORMATIVAS COMO MÉRITO PARA O BAREMO DE RECURSOS ESPECÍFICOS NA MODALIDADE CON EMBARCACIÓN

ANTECEDENTES

Con data 04-05-2021 tivo lugar a reunión da comisión de recoñecemento das actividades formativas, coa presenza do subdirector xeral de Xestión, Ensino e Relacións Sectoriais, a xefa de servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras e o xefe de sección de Programación de Ensino Náutico Pesqueiras, co fin de valorar as solicitudes presentadas para o recoñecemento de varias actividades formativas e a súa inclusión nos diferentes catálogos de formación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- O Decreto 428/1993, do 17 de decembro, polo que se regula e refunde a normativa en materia de formación náutico-pesqueira, no seu artigo 1 di que a finalidade deste é regular as ensinanzas náutico-pesqueiras, que son as que cualifican para o exercicio das profesións relacionadas co mundo do mar e a utilización dos seus recursos.
- A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, expón no artigo 117 que a consellería competente en materia de pesca realizará as actuacións necesarias para o fomento da formación, a capacitación e a reciclaxe das persoas profesionais dos distintos sectores, así como a daquelas persoas que poidan demandar a devandita prestación formativa.
- A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia establece nos artigos 11 e 27 os baremos para os procesos de selección das solicitudes para obter as modalidades de recursos específicos a pé e con embarcación, respectivamente.
- Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos.
- O Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, establece que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro correspóndenlle a función de ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer
- Acta do 04-05-2021 da comisión de recoñecemento das actividades formativas como mérito nos baremos a pé, con vara e de recursos específicos nas modalidades a pé e con embarcación.





Visto o exposto, esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias, RESOLVE:

Recoñecer as seguintes actividades formativas que se terán en conta para o baremo de recursos específicos con embarcación e que figuran anexas a esta resolución. Ditas actividades cumpren co recollido no Anexo II da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos.

Estas actividades quedarán inscritas nos catálogos de actividades formativas que poderán ser consultados na páxina web oficial <https://www.mar.xunta.gal>

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo





Anexo I- Actividades formativas que se terán en conta para o baremo de recursos específicos con embarcación

ENTIDADE ORGANIZADORA	ACTIVIDADE FORMATIVA	MODALIDADE	HORAS	PUNTOS
Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP	Ideas cooperativas en acción avanzado	En rede	40	0,80
	Lánzate a emprender en cooperativa avanzado	En rede	40	0,80
	Contabilidade cooperativa nivel 0	En rede	20	0,40

